

LIBRO

■ Editores, autores e ilustradores

Criticán o PP por "non valorar" que Galicia fose á Habana

A Asociación de Escritores en Lingua Galega (Aelg), a Asociación Galega de Editores (Age), a Asociación Galega de Profesionais da Ilustración (Agpi) e a Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (Galix) reprocháronlle onte ao PP que critique a presenza dunha delegación galega na Feira Internacional do Libro da Habana e "non valore" este feito "histórico".

Expresaron o seu "rexeitamento" ás palabras do voceiro de Cultura do Grupo Parlamentario do PP, Ignacio López-Chaves, nas que sinalaba que Ánxela Bugallo, viaxou a Cuba "cun séquito superior ó dun xefe de Estado" e "pagoulles favores" a afiliados e simpatizantes do BNG.

Denuncian que a utilización do termo "séquito" feita polo PP ás representacións dos colectivos editoriais, literarios e artísticos de Galicia supón "un inaceptable desprezo á cultura en xeral e aos que a representan". Lamentaron que López Chaves "non valore o feito histórico de que Galicia fose por primeira vez país invitado nun evento cultural de tal magnitude". Puntualizan que López-Chaves e o PP "sabían de antemán cál era o presuposto asignado a este evento" e que puideron presentar emendas contra el, "cousa que non se fixo", polo que entenden que este debate é "oportunista" e que foi "provocado coa pretensión de crear dúbidas na cidadanía no contexto da recente campaña electoral". ● E.P.